



METEOGALICIA

*Informe climatolóxico inverno 2022-2023*

# **INFORME CLIMATOLÓXICO INVERNO 2022-2023**



## ÍNDICE

|             |  |           |
|-------------|--|-----------|
| <b>1</b>    | <b>INTRODUCCIÓN.....</b>   | <b>2</b>  |
| <b>2</b>    | <b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO INVERNO 2022-2023 EN GALICIA.....</b> | <b>3</b>  |
| <b>2.1.</b> | <b>Temperatura.....</b>  | <b>3</b>  |
| <b>2.2.</b> | <b>Precipitación.....</b>  | <b>8</b>  |
| <b>3</b>    | <b>EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE INVERNO...12</b>        |           |
| <b>3.1.</b> | <b>Temperatura.....</b>  | <b>12</b> |
| <b>3.2.</b> | <b>Precipitación.....</b>  | <b>15</b> |

**Inverno cálido e húmido.****1 INTRODUCCIÓN**

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de inverno (decembro de 2021 a febreiro de 2022). Así, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1981-2010. As anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

| Percentil                  | Categoría              |
|----------------------------|------------------------|
| $\leq$ mínimo en 1981-2010 | Extremadamente frío    |
| Entre 5% e 20%             | Moi frío               |
| Entre 20% e 40%            | Frío                   |
| Entre 40% e 60%            | Normal                 |
| Entre 60% e 80%            | Cálido                 |
| Entre 80% e 95%            | Moi cálido             |
| $\geq$ máximo en 1981-2010 | Extremadamente cálido. |

**Táboa 0.1.** Cualificación da estación en función da temperatura.

Para caracterizar a estación en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

| Percentil                  | Categoría              |
|----------------------------|------------------------|
| $\leq$ mínimo en 1981-2010 | Extremadamente seco    |
| Entre 5% e 20%             | Moi seco               |
| Entre 20% e 40%            | Seco                   |
| Entre 40% e 60%            | Normal                 |
| Entre 60% e 80%            | Húmido                 |
| Entre 80% e 95%            | Moi Húmido             |
| $\geq$ máximo en 1981-2010 | Extremadamente Húmido. |

**Táboa 0.2.** Cualificación da estación en función da precipitación.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste inverno e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no inverno respecto do valor da media climática correspondente.



## 2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO INVERNO 2022-2023 EN GALICIA.

### 2.1. Temperatura

O **inverno de 2022-2023** (balance dos meses de decembro, xaneiro e febreiro) foi **cálido**, con unha anomalía positiva na temperatura media de  $+0.8\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Isto debeuse principalmente as elevadas temperaturas máximas rexistradas no mes de decembro.

O inverno comezou cun mes de **decembro** no que as temperaturas medias estiveron moi por riba do que se agarda para esta época do ano. Isto foi debido en gran parte a persistencia dos ventos de compoñente sur, que achegaron masas de aire morno, axudado porque a alta nebulosidade non deixaba descender os termómetros durante as madrugadas. O valor medio de temperatura media para once estacións representativa foi de  $11.0\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Isto representou unha anomalía de  $+2.3\text{ }^{\circ}\text{C}$ , que fixo que o mes se considerase moi cálido. Isto mesmo ocorreu coas máximas e as mínimas para as que o mes resultou tamén **moi cálido**. Así, este foi o terceiro ano máis cálido da serie histórica.

No mes de **xaneiro** as temperaturas medias foron normais para a época do ano. Isto foi debido a que as elevadas temperaturas que sufrimos ó longo do mes compensáronse coas baixas temperaturas que se deron principalmente nos derradeiros dez días do mes. Así, a temperatura media para o mes de xaneiro foi de  $8.2\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Isto supón unha anomalía de tan só  $+0.1\text{ }^{\circ}\text{C}$  considerándose o mes **normal**. Esta normalidade tamén se aprecia nas temperaturas medias máximas e mínimas.

O inverno rematou cun mes de **febreiro** no que as temperaturas medias foron tamén normais. Isto debeuse á compensación das temperaturas máximas segundo as cales o mes foi moi cálido coas temperaturas mínimas para as que o mes resultou moi frío. Así, o valor medio de temperatura media foi de  $8.7\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Isto representa unha anomalía de  $-0.1\text{ }^{\circ}\text{C}$  que fixo que en canto á temperatura media o mes resultase **normal**.



Nas táboas 1 e 2 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de inverno 2022-2023 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As máximas máis altas, déronse nas xornadas do 17 e 18 en ambas altitudes, se ben por riba dos 1000 m destacou tamén o 4 de febreiro.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno 2022-2023 por debaixo dos 1000 m de altitude |                       |             |            |         |
|---|-----------------------|-------------|------------|---------|
| Data  | Estación              | Concello    | Provincia  | TA (°C) |
| 17/02/2023  | Ourense               | OURENSE     | Ourense    | 25.2    |
| 18/02/2023  | Cespón                | BOIRO       | A Coruña   | 25.1    |
| 18/02/2023  | EVEGA Leiro           | LEIRO       | Ourense    | 24.6    |
| 17/02/2023  | Ourense-Estacións     | OURENSE     | Ourense    | 24.4    |
| 17/02/2023  | A Granxa              | PONTEAREAS  | Pontevedra | 24.3    |
| 17/02/2023  | Soutomaior            | SOUTOMAIOR  | Pontevedra | 24.2    |
| 17/02/2023  | Atios                 | PORRIÑO (O) | Pontevedra | 24.1    |
| 18/02/2023  | Pontevedra-Campolongo | PONTEVEDRA  | Pontevedra | 23.9    |
| 17/02/2023  | Torrequeintás         | MEIS        | Pontevedra | 23.4    |
| 18/02/2023  | Sergude               | BOQUEIXÓN   | A Coruña   | 23.3    |

**Táboa 1:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno 2022-2023 a altitude menor 1000 m.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno 2022-2023 por riba dos 1000 m de altitude |                 |                          |           |         |
|--|-----------------|--------------------------|-----------|---------|
| Data   | Estación        | Concello                 | Provincia | TA (°C) |
| 04/02/2023   | O Invernadeiro  | VILARIÑO DE CONSO        | Ourense   | 18.2    |
| 04/02/2023   | A Mezquita      | MEZQUITA (A)             | Ourense   | 17.4    |
| 04/02/2023   | Xurés           | MUÍÑOS                   | Ourense   | 16.9    |
| 19/02/2023   | Corzos          | VEIGA (A)                | Ourense   | 16.3    |
| 20/02/2023   | O Xistral       | MURAS                    | Lugo      | 16.3    |
| 18/02/2023   | San Xoán de Río | SAN XOÁN DE RÍO          | Ourense   | 16.0    |
| 18/02/2023   | Ancares         | CERVANTES                | Lugo      | 15.8    |
| 18/02/2023   | O Cebreiro      | PEDRAFITA DO CEBREIRO    | Lugo      | 15.7    |
| 17/02/2023   | Casaio          | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense   | 14.1    |
| 20/02/2023   | Alto do Poio    | PEDRAFITA DO CEBREIRO    | Lugo      | 13.9    |

**Táboa 2:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no inverno 2022-2023 a altitude maior 1000 m.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade no inverno 2022-2023 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. Neste caso, destaca a xornada do 28 de febreiro en ambas altitudes, se ben por riba dos 1000 m tamén destacou o 11 de febreiro.


| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno 2022-2023 por riba dos 1000 m de altitude |                     |                          |           |         |
|---|---------------------|--------------------------|-----------|---------|
| Data  | Estación            | Concello                 | Provincia | TA (°C) |
| 24/02/2023  | Cabeza de Manzaneda | MANZANEDA                | Ourense   | -11.6   |
| 28/02/2023  | Corzos              | VEIGA (A)                | Ourense   | -9.1    |
| 27/02/2023  | Lardeira            | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense   | -8.9    |
| 28/02/2023  | Xares               | VEIGA (A)                | Ourense   | -8.6    |
| 28/02/2023  | O Cebreiro          | PEDRAFITA DO CEBREIRO    | Lugo      | -8.2    |
| 28/02/2023  | A Mezquita          | MEZQUITA (A)             | Ourense   | -7.5    |
| 28/02/2023  | Alto do Poio        | PEDRAFITA DO CEBREIRO    | Lugo      | -7.0    |
| 28/02/2023  | Ancares             | CERVANTES                | Lugo      | -6.7    |
| 28/02/2023  | Xurés               | MUIÑOS                   | Ourense   | -6.6    |
| 24/02/2023  | Casaio              | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense   | -5.8    |

**Táboa 3:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na inverno 2022-2023 a altitude superior a 1000m.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no inverno 2022-2023 por debaixo dos 1000 m de altitude |                      |                   |           |         |
|--|----------------------|-------------------|-----------|---------|
| Data   | Estación             | Concello          | Provincia | TA (°C) |
| 31/01/2023   | Calvos               | CALVOS DE RANDÍN  | Ourense   | -10.0   |
| 28/02/2023   | Baltar               | BALTAR            | Ourense   | -8.7    |
| 28/02/2023   | Viana do Bolo        | VIANA DO BOLO     | Ourense   | -7.9    |
| 28/02/2023   | Xinzo                | XINZO DE LIMIA    | Ourense   | -7.5    |
| 11/02/2023   | Morelle              | SARRIA            | Lugo      | -7.3    |
| 28/02/2023   | Verín-Vilela         | VERÍN             | Ourense   | -7.2    |
| 12/02/2023   | Cospeito             | COSPEITO          | Lugo      | -6.2    |
| 11/02/2023   | Monforte             | MONFORTE DE LEMOS | Lugo      | -6.1    |
| 11/02/2023   | Sambreixo            | GUITIRIZ          | Lugo      | -6.0    |
| 11/02/2023   | Feiranova-Santaballa | VILALBA           | Lugo      | -5.9    |


**Táboa 4:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na inverno 2022-2023 a altitude inferior a 1000m.

Na Figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o inverno de 2022-2023. No macizo de Manzaneda e en Pena Trevinca rexistráronse os valores máis baixos de temperatura, en torno aos 0.8 °C. No litoral e no oeste da provincia de Pontevedra foi onde se rexistraron os valores máis altos, con valores próximos aos 12.5 °C. Segundo os valores do mapa, a temperatura media no conxunto da Comunidade foi de 7.6 °C.



**Figura 1:** Temperatura media no inverno 2022-2023.

Na Figura 2 pódese ver para este inverno o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dun inverno cunha anomalía media, segundo os valores do mapa, de  $+0.7$  °C. Isto debeuse ás altas temperaturas rexistradas no mes de decembro. Os rexistros máis altos de anomalía de temperatura acadáronse principalmente na comarca de O Condado, cunha anomalía positiva próxima a os  $+1.9$  °C. Os máis baixos foron na Baixa Limia e algunhas localidades de Allariz-Maceda, acadándose valores de ata  $-0.5$  °C.



**Figura 2:** Mapa de anomalías da temperatura media no inverno 2022-2023





## 2.2. Precipitación

No conxunto dos meses de decembro, xaneiro e febreiro, pódese cualificar este **inverno** como **húmido**, cunha porcentaxe de precipitación dun 36% superior ao período de referencia. As escasas precipitacións do mes de febreiro fixeron que se compensasen parcialmente os meses de decembro e xaneiro (moi húmidos).

O inverno en canto á precipitación comezou cun mes de **decembro** no que as chuvias acumuladas foron moi superiores as normais para a época do ano. Destacaron as 3 últimas semanas do mes no que a constante chegada de borrascas, algunhas moi activas, deixaron valores acumulados de precipitación moi destacables sobre todo nas xornadas do 19, 23, 24 e 31. Así a precipitación media das 16 estacións representativas de Galicia, foi de 293 L/m<sup>2</sup>. Isto representou unha porcentaxe de precipitación dun 59% por riba do normal, considerándose o mes **moi húmido**, co precedente máis húmido en 2020.

En **xaneiro** as acumulacións de chuvia estiveron tamén por riba do que cabería agardar, debido principalmente á chegada de borrascas activas ata o día 20 do mes. Destacan especialmente dentro deste período de chuvias as rexistradas os días 1 e 16, con acumulados que nalgúns puntos superaron os 100 L/m<sup>2</sup> en 24 horas. Así, o valor medio da precipitación das estacións representativas de Galicia foi de 272 L/m<sup>2</sup>. Isto representa unha porcentaxe de precipitación dun 96% por riba do normal, considerándose o mes **moi húmido**. O precedente máis húmido atópase no ano 2016.

O inverno rematou cun mes de **febreiro** caracterizado pola escaseza das precipitacións. Tan só houbo algunhas xornadas con chuvias illadas e ocasionais. Isto debeuse a ausencia dos ventos do suroeste e a presenza de aire frío que fixo que nos días que choveu as precipitacións foran moi escasas. Así o valor medio para a precipitación neste mes foi de 25 L/m<sup>2</sup>. Isto representa unha porcentaxe de precipitación dun 75% por debaixo do normal, considerándose o mes **moi seco**.



Na táboa 5 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados neste inverno 2022-2023. Os rexistros máis altos de precipitación superaron os 1000 L/m<sup>2</sup>.

| Precipitación máxima estacional no inverno 2022-2023 |                    |            |                                   |
|--|--------------------|------------|-----------------------------------|
| Estación   | Concello           | Provincia  | Precipitación (L/m <sup>2</sup> ) |
| Fornelos de Montes                                   | FORNELOS DE MONTES | Pontevedra | 1223                              |
| Muralla  | LOUSAME            | A Coruña   | 1118                              |
| Forcarei   | FORCAREI           | Pontevedra | 1086                              |
| Fontecada  | SANTA COMBA        | A Coruña   | 1073                              |
| Castrove   | POIO               | Pontevedra | 1066                              |
| Monte Aloia  | TUI                | Pontevedra | 1035                              |
| Costa  | ROIS               | A Coruña   | 1022                              |
| Ponte Caldelas                                       | PONTE CALDELAS     | Pontevedra | 1009                              |
| Xesteiras  | CUNTIS             | Pontevedra | 1004                              |
| Paramos  | VAL DO DUBRA       | A Coruña   | 1003                              |


**Táboa 5:** Valores máximos de precipitación acumulada no inverno 2022-2023.

Na táboa 6 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados: Neste caso, as precipitacións mínimas rexistradas neste inverno, tiveron valores de menos de 400 L/m<sup>2</sup>.

| Precipitación mínima estacional no inverno 2022-2023 |                          |           |                                   |
|--|--------------------------|-----------|-----------------------------------|
| Estación   | Concello                 | Provincia | Precipitación (L/m <sup>2</sup> ) |
| Lardeira   | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense   | 214                               |
| Larouco  | LAROUCO                  | Ourense   | 266                               |
| Casaio   | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense   | 275                               |
| Xínzo  | XINZO DE LIMIA           | Ourense   | 297                               |
| Marroxo  | MONFORTE DE LEMOS        | Lugo      | 319                               |
| Xares  | VEIGA (A)                | Ourense   | 321                               |
| Ourense-Estacións                                    | OURENSE                  | Ourense   | 326                               |
| Viana do Bolo  | VIANA DO BOLO            | Ourense   | 332                               |
| Ponte Boga   | CASTRO CALDELAS          | Ourense   | 334                               |
| Verín-Vilela   | VERÍN                    | Ourense   | 355                               |


**Táboa 6:** Valores mínimos de precipitación acumulada no inverno 2022-2023.

Na Figura 3 móstrase a precipitación total acumulada neste inverno de 2022-2023. Os valores máis altos rexistráronse no interior da provincia de Pontevedra e na comarca do Xallas, con valores próximos aos 2321 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca de Valdeorras, con valores que apenas chegaron aos 170 L/m<sup>2</sup>. O valor medio de precipitación para o conxunto de Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 625 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 3:** Mapa de precipitación acumulada no inverno 2022-2023.

Na Figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1981-2010), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Tal e como se pode ver na figura, a porcentaxe de precipitación é de forma predominante baixa. Así as porcentaxes máis altas acadáronse en Navia de Suarna, nos Ancares, e na Baixa Limia, con valores dun 260 % por riba do normal. Na provincia de Ourense, acadáronse os valores máis baixos, principalmente nas comarcas de Valdeorras e Terra de Trives, que acadaron porcentaxes dun 36 % por debaixo do normal. Segundo os valores do mapa a porcentaxe de precipitación foi un 23 % superior ao normal, no conxunto de Galicia.



**Figura 4:** Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no inverno 2022-2023.



### 3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE INVERNO.

#### 3.1. Temperatura

A temperatura media de inverno para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de +0.9 °C con respecto ao período 1971-2000 e unha anomalía positiva de +0.8 °C con respecto ao 1981-2010. Como resultado disto tratouse dun inverno cálido tendo como referencia o período 1981-2010 segundo a táboa 0.1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

| Temperatura media inverno (°C) |           |           |
|--------------------------------|-----------|-----------|
| 2022-2023                      | 1971-2000 | 1981-2010 |
| 9.3                            | 8.4       | 8.5       |

**Táboa 7:** Comparación entre a temperatura media en inverno e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media no inverno 2022-2023 para esta serie de referencia.

| Temperatura media mensual (°C) |           |           |           |
|--------------------------------|-----------|-----------|-----------|
| Mes                            | 2022-2023 | 1971-2000 | 1981-2010 |
| decembro                       | 11.0      | 8.8       | 8.7       |
| xaneiro                        | 8.2       | 8.1       | 8.0       |
| febreiro                       | 8.7       | 8.8       | 8.8       |

**Táboa 8:** Comparación entre a temperatura media mensual do inverno 2022-2023 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, os meses de xaneiro e febreiro foron normais e, o mes de decembro moi cálido.

Na táboa 9 pódese observar a temperatura media das máximas na estación de inverno e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series das máximas, este inverno foi moi cálido, cunha anomalía de +1.0 °C con respecto ao último período de referencia.

| Temperatura media das máximas en inverno(°C) |           |           |
|--|-----------|-----------|
| 2022-2023                                    | 1971-2000 | 1981-2010 |
| 13.8   | 12.5      | 12.8      |

**Táboa 9:** Comparación entre a temperatura máxima media en inverno e a media climática galega.



Mensualmente, decembro e febreiro resultaron moi cálidos, mentres que xaneiro foi normal, con respecto ao período 1981-2010.

| Temperatura media das máximas por mes (°C) |           |           |           |
|--|-----------|-----------|-----------|
| Mes  | 2022-2023 | 1971-2000 | 1981-2010 |
| decembro                                   | 14.2      | 12.7      | 12.6      |
| xaneiro                                    | 12.1      | 11.9      | 12.1      |
| febreiro                                   | 15.1      | 13.3      | 13.6      |

**Táboa 10:** Comparación entre a temperatura máxima media mensual do inverno 2022-2023 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, o inverno foi cálido, cunha anomalía de +0.5 °C con respecto ao período de referencia 1981-2010.

| Temperatura media das mínimas en inverno (°C) |           |           |
|---|-----------|-----------|
| 2022-2023                                     | 1971-2000 | 1981-2010 |
| 4.8   | 4.2       | 4.2       |

**Táboa 11:** Comparación entre a temperatura mínima media en inverno e a media climática galega.

A escala mensual, o mes de decembro foi moi cálido, xaneiro normal e febreiro moi frío, con respecto ao último período de referencia 1981-2010.

| Temperatura media das mínimas por mes (°C) |           |           |           |
|--|-----------|-----------|-----------|
| Mes  | 2022-2023 | 1971-2000 | 1981-2010 |
| decembro                                   | 7.8       | 5.0       | 4.8       |
| xaneiro                                    | 4.2       | 3.6       | 3.9       |
| febreiro                                   | 2.3       | 4.3       | 4.0       |

**Táboa 12:** Comparación entre a temperatura mínima media mensual do inverno 2022-2023 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.



Na Figura 5 móstrase a evolución da temperatura media dos invernos dende o ano 1962 ao ano 2022.




Figura 5: Evolución da temperatura media no inverno para a serie rexional galega.

A temperatura media do inverno de 2022-2023 acadou un valor de 9.3 °C. A anomalía da temperatura media para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.8 °C respecto á media 1981-2010. Iso fai que segundo os criterios da táboa 0.1, poida considerarse como un inverno cálido. Isto debeuse principalmente ás temperaturas máximas que foron moi cálidas, pero tamén as mínimas que foron cálidas. O precedente máis cálido xa o atopamos no pasado 2022.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura no inverno no período 1962-2023.



### 3.2. Precipitación

Na táboa 13 móstranse os valores medios de precipitación acumulada no inverno 2022-2023, ademais dos valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

| Precipitación acumulada estacional (L/m <sup>2</sup> ) |           |           |
|--|-----------|-----------|
| 2022-2023  | 1971-2000 | 1981-2010 |
| 590  | 496       | 446       |

**Táboa 13:** Comparación entre a precipitación acumulada no inverno 2022-2023 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación neste inverno foi dun 19% superior ao normal con respecto ao período 1971-2000, e dun 36% superior con respecto ao período de referencia 1981-2010. Segundo os criterios da táboa 0.2, considérase un inverno húmido con respecto ao último período.

O estudo mensual da precipitación acumulada neste inverno (táboa 14) mostra uns meses decembro e xaneiro moi húmidos mentres que febreiro foron moi seco, respecto ao último período de referencia.

| Precipitación acumulada por mes (L/m <sup>2</sup> ) |           |           |           |
|---|-----------|-----------|-----------|
| Mes   | 2022-2023 | 1971-2000 | 1981-2010 |
| decembro  | 293       | 195       | 182       |
| xaneiro   | 272       | 165       | 147       |
| febreiro  | 25        | 148       | 118       |

**Táboa 14:** Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de inverno e as medias correspondentes aos períodos climáticos.



Na Figura 7, pódese ver a evolución da precipitación nos invernos desde o ano 1962 ao 2023.




Figura 7: Precipitación acumulada no inverno para a serie rexional galega.

Na Figura 8, preséntanse as anomalías de precipitación neste inverno. A chuva media para as dezaseis estación que compoñen a serie rexional foi de 590 L/m<sup>2</sup>. A porcentaxe de precipitación para este inverno en Galicia, para a serie rexional, foi un 36% superior á media do período 1981-2010, o que fai que poida considerarse como un inverno húmido, co precedente máis húmido en 2021.




Figura 7: Evolución da anomalía de precipitación no inverno no período 1961-2023.



**MeteoGalicia**  
**Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático**  
**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**